



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **vinde e un de novembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Iria Castro Fernández.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de novembro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA ACTUALIZACIÓN, ANÁLISE, MANTEMENTO E MELLORA DA ENQUISA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS LOCAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (FASES EIEL-2023 E EIEL-2024).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais dos concellos da provincia de Lugo (Fases EIEL-2023 e EIEL-2024).

Expediente: 2025/CON_02/0000122, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa e orde de inicio do contrato, con CSV: IV7QSWP4PVPPXP5ZQZFFEU2AD4.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7QRXKINUZMZX6ISBHHGIQXIU.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QXWK2NQ423KBC2UPECIKT4U.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QSDRSB5XO3PWSYIWE4Y7UOU.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QSDZNEFJLVXWSRX74LZXUMM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais dos concellos da provincia de Lugo (Fases EIEL-2023 e EIEL-2024).

2º.- O contrato entrará en vigor a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, e rematará o día 15.12.2026. A data estimada de inicio do contrato é o día 1 de xaneiro de 2026. O prazo de execución será ata o 15.12.2026.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	2/152





3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 91.424,24 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 19.199,09 €, o que fai un total de 110.623,33 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O presente contrato tramítase como gasto anticipado e cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e a base 18a de execución do Orzamento Xeral, posto que se estima que o contrato entre en vigor o día 1 de xaneiro de 2026.

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTES	RC
2026	9230.640	20.533,34 (año 2025)	22025/33224
		90.089,99 (año 2026)	220259/473

Que o mencionado gasto financiarase con cargo á anualidade 2026. A Deputación, adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír, no orzamento do 2026 a cantidade indicada na aplicación orzamentaria sinalada."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página	

3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE PANTALLAS LED/ MARCADOR E COMPLEMENTOS DE ELECTRÓNICA DEPORTIVA NO PAZO PROVINCIAL DOS DEPORTES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21 de novembro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Proposta de inicio e memoria xustificativa con CSV: IV7SG2L6BLZYSSHTZV4COAYWMY¹.
2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7SGSYDMEGYZL4IWPQNF7QQ54.
3. Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7SGUP5HBWJRKF22N4TED2EKA.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SGOT3BIW23HBNCXWT4TTPHY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7SGOTYHVHY6TV4VU6RIFLU6L.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7SGOQMJBZ4RF2ZVUDB37D44.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7SGMJ4FZRLVS45DX5HIJ7FOE.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 13 de xuño de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7TUTSIZYJSLOO7DRGC6UHE5Y.
9. Anuncio de licitación publicado o 16 de xuño de 2025 na Plataforma de Contratos do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 10 de xullo de 2025, con CSV IV7TQXHPZREOV7NNQUYEGJ77MQ, na que se recolle o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

LICITADORES
Intelligent Screen Services SL
Mondo Ibérica SAU
RPG Technology SA

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	4/152	



Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	GARANTÍA	MELLORAS
Intelligent Screen Services SL	159.453,00 €	4	Oferta todas as propostas.
Mondo Ibérica SAU	220.316,78 €	4	Oferta todas as propostas.
RPG Technology SA	165.000,00 €	4	Oferta todas as propostas.

A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	VALORACIÓN PREZO OFERTADO	VALORACIÓN GARANTÍA	VALORACIÓN MELLORAS	VALORACIÓN TOTAL
Intelligent Screen Services SL	60	20	20	100,00
Mondo Ibérica SAU	43,42	20	20	83,42
RPG Technology SA	57,98	20	20	97,98

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

PRECIO BASE DE		220.900,00				
OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro (>10 unds. a la media)	Segundo Filtro de Baja Temeraria (< 10 unds a la media de las ofertas)	Tercer Filtro de Baja Temeraria (Baja superior a 25 unds.)
Intelligent Screen Services SL	159.453,00	61.447,00	27,82%	Se incluye	No es Baja Temeraria	Es Baja Desproporcionada
Mondo Ibérica SAU	220.316,78	583,22	0,26%	No se incluye	No es Baja Temeraria	No es Baja Desproporcionada
RPG Technology SA	165.000,00	55.900,00	25,31%	Se incluye	No es Baja Temeraria	Es Baja Desproporcionada
Media de las Ofertas Presentadas incluidas	181.589,93	39.310,07	17,80%	162.226,50		
Media Aritmética menos 10 unidades porcentuales			33,91%	146.003,85		

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	5/152



Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia ás empresas Intelligent Screen Services SL e RPG Technology SA, para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:23 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

11. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 4 de novembro de 2025, con CSV IV7QQ3SK34U4VZENWV6FB5DC4Q, na que se recolle o seguinte:

(...)” A Mesa de Contratación, reunida o 10 de xullo de 2025, acordou “conceder o trámite de audiencia ás empresas Intelligent Screen Services SL e RPG Technology SA, para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.”

O 11 de xullo de 2025 deuse traslado ás empresas Intelligent Screen Services SL e RPG Technology SA do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa, as cales presentaron xustificación de oferta anormalmente baixa o 18 de xullo de 2025 e o 11 de xullo de 2025, respectivamente, en prazo.

O 28 de outubro de 2025 o Servizo de Arquitectura emitiu informe, con CSV IV7QWLIONQEMYTXM4UQXCJHWBY, no que conclúe:

“O día 13.06.2025, a Xunta de Goberno da Deputación adoptou o seguinte acordo:

“Aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da subministración e instalación de pantallas led/marcador e complementos de

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	6/152





electrónica deportiva no Pazo Provincial dos Deportes da Deputación Provincial de Lugo. (EXP. nº 2025/con_02/000069).

O orzamento base de licitación deste contrato, ascende a 220.900,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21% que ascende a 46.389,00 €, o que fai un total de 267.289,00 €. O 16.06.2025, publicouse o anuncio de licitación do contrato que será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, con base na mellor relación calidade prezo.

O 10.07.2025, a mesa de contratación abre o sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	GARANTÍA	MELLORAS
Intelligent Screen Services SL	159.453,00 €	4	Oferta todas as propostas no PPTP.
Mondo Ibérica SAU	220.316,78 €	4	Oferta todas as propostas no PPTP.
RPG Technology SA	165.000,00 €	4	Oferta todas as propostas no PPTP.

O 11.07.2025 notificase as empresas Intelligent Screen Services SL e RPG Technology SA, o acordo da Mesa de Contratación de data 10.07.2025, de conceder trámite de audiencia, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), para que xustifiquen as súas ofertas dado que se observa que se atopan en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

O 11.07.2025 a empresa RPG Technology SA presenta a xustificación de oferta anormalmente baixa segundo a LCSP.

O 18.07.2025, a empresa Intelligent Screen Services SL presenta a xustificación de oferta anormalmente baixa segundo a LCSP.

Dada a cantidade de documentación presentada, a especificidade e especialidade de dita documentación, a carga de traballo que soporta o Servizo de Arquitectura e a brevidade dos prazos, precísase asistencia para a análise da documentación e a emisión dun informe técnico, polo que se procede a contratación dun técnico, asesor externo, para a emisión do informe técnico. (EXP. nº 2025/CM2_04/000721).

O 04.09.2025 adxudícase a empresa Magaral Ingeniería S.L.U con CIF B15746183 o contrato para análise e emisión de informe sobre ofertas presentadas para a adquisición e instalación dun videomarcador no Pazo dos Deportes de Lugo.

O 17.09.2025 a empresa Magaral Ingeniería S.L.U presenta no Rexistro Xeral desta Deputación o informe técnico requirido.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página 7/152	

O documento redactado polo enxeñeiro técnico industrial Manuel García Álvarez, colexiado 1097 do Colexio da Coruña, desenvólvese en seis apartados que engloban todos os aspectos dos que se solicita opinión técnica.

Nos dous primeiros apartados estuda a documentación presentada por Intelligence Screen Services SL e R.P.G. S.A, para xustificar a oferta desproporcionada.

Nos apartados 3, 4, e 5 estuda cada unha das ofertas técnicas comparando as características do sistema ofertado por cada unha das tres empresas, con respecto as condicións esixidas polos pregos que rexen a licitación.

O apartado seis é un cadro resumo coas conclusión.

No apartado 1, con respecto a oferta da empresa Intelligence Screen Services S.L, conclúe que a oferta non esta adecuadamente xustificada porque se basa en declaracións que non se atopan respaldadas pola documentación presentada.

No apartado 2, con respecto a oferta da empresa R.P.G. S.A, conclúe que a oferta non está adecuadamente xustificada en base a “posibles condicións” favorables que permitan a execución do contrato sen risco para a administración.

No apartado 3, procede á análise da documentación técnica descritiva dos produtos/sistema ofertado por Intelligence Screen Services S.L, que se resume no cadro do apartado seis no que se especifica que non se presenta Certificado de compatibilidade, estudo/certificado de cargas e certificado FIBA do conxunto pantalla-*software* deportivo e se califica como parcial ou insuficiente a xustificación do resto das características requiridas nos pregos.

No apartado 4, procédese á análise da documentación técnica descritiva dos produtos/sistema ofertado por R.P.G. S.A, que se resume no cadro do apartado seis no que se especifica que non se presenta Certificado de compatibilidade, estudo/certificado de cargas e certificado FIBA do conxunto pantalla-*software* deportivo e se califica como parcial ou insuficiente a xustificación do resto das características requiridas nos pregos e que ademáis a oferta non cumpre os parámetros dimensionais dos equipos principais.

No apartado 5, procédese á análise da documentación técnica descritiva dos produtos/sistema ofertado por Mondo Iberica SAU, concluíndo que a oferta describe e xustifica todos os requisitos esixidos nos pregos.

A vista do informe remitido, entendese que a oferta presenta por R.P.G. S.A non cumpre todos os requisitos esixidos polo PPTP, en particular as dimensións mínimas requiridas dos equipos.

Con respecto a oferta presentada por Intelligence Screen Services S.L enténdese que a documentación presentada é insuficiente para determinar se se cumpren as condicións técnicas descritas no PPTP, polo que o 08.10.2025, a Deputación Provincial de Lugo remite escrito dirixido a Intelligence Screen Services S.L, con número de rexistro 2025RPS013597 solicitando que no prazo máximo de 5 días hábiles (a contar dende a recepción do documento) se remita a través da sede electrónica da Deputación a seguintes documentación:

- 1.- Certificado de compatibilidade cos equipos actuais.
- 2.- Cálculo detallado da carga total da instalación (indicando o peso de cada un dos compoñentes: motores, subestrutura soporte, paneis, cables e toda clase de elementos auxiliares). O documento deberá estar asinado por un técnico competente

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	8/152





(enxeñeiro, arquitecto ou arquitecto técnico), indicando que o peso total e inferior a carga máxima fixada no PPTP.

3.- Certificado FIBA do conxunto pantalla-*software*.

4.- Nun máximo de 10 paxinas, deberán de incluír a seguinte documentación.

Relación completa de numero de unidades de cada equipo a subministrar conas referencias destes equipos

Explicación completa e detallada que nos permita determinar, sen lugar a dubidas, a plena compatibilidade dos equipos entre si.

O 14.10.2025, a empresa Intelligence Screen Services S.L remite a través da sede electrónica da Deputación varios documentos que son remitidos a Magaral Ingenieria S.L.U para o seu informe

O 28.10.2025 Magaral Ingenieria S.L.U remite informe complementario, asinado por Manuel García Alvarez, enxeñeiro técnico industrial, colexiado numero 1097 de A Coruña no que se chegan as seguintes conclusión:

1.- A xuízo de Magaral Ingenieria S.L.U, non queda acreditada a plena compatibilidade entre os equipos ofertados e os existentes, conforme as esixencia do PPTP.

Con respecto ao hardware deportivo indica que se subministrarán ademais dos equipos incluídos no prego novos equipos que substituirán aos existentes, quedando inutilizados todos os existentes, incluídos os de reposto, respaldo e redundancia. Algún destes equipos coma os cubos de posesión teñen tecnoloxías con características sensiblemente inferiores en prestacións e xestións de comunicación e publicitaria aos existentes. Ademais non se fai referencia a substitución doutros elementos do conxunto que tamén quedarían inutilizados.

2.- O informe de cargas está firmado segundo indican na documentación por un representante da empresa do que non se especifica e acredita a cualificación profesional esixida polo PPTP.

Ademais no cadro resume do apartado 5, indican que non se facilita certificado de compatibilidade nin certificado FIBA conxunto pantalla-*software* deportivo.

O informe tamén analiza as características dos equipos cuxa subministración puntuarían coma criterios de mellora concluíndo que a documentación achegada non permite verificar adecuación as condicións esixidas no correspondente apartado do prego ou detecta incompatibilidade dalgún equipo cos equipos existentes.

Polo que se conclúe que as ofertas presentadas por Intelligence Screen Services S.L e R.P.G. S.A non se axustan aos requirimentos desenvolvidos no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP), polo que se propón a súa exclusión do procedemento."

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, publicar na plataforma de contratos do sector público os informes con CSV:

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	9/152	

IV7TEQPKDIH65XXCCTXFGZPCB4, IV7TGCASLUJLT7FI2UXQMFCX4Q, IV7QWLIONQEMYTXM4UQXCJHWBY e IV7QWLCKHM7D7P77ABOGGNPQIY, e basándose nos mesmos propoñer que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Excluir as propostas presentadas polas empresas Intelligent Screen Services SL e RPG Technology SA, por incumprir os requisitos esixidos no PPT segundo se recolle no informe realizado polo Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7QWLIONQEMYTXM4UQXCJHWBY.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, con enderezo en <https://tarclu.deputacionlugo.org>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	Mondo Ibérica SAU	83,42

3º.- Requerir á empresa Mondo Ibérica SAU para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
220.316,78 €	11.015,84 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:20 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

12. Resolución de Presidencia de 6 de novembro de 2025, con CSV IV7QQCS6P3XOXVN2UAEWMALTKU, pola que se acepta a proposta da mesa de

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	10/152





contratación e consecuentemente se procede á clasificación e requirimento de documentación administrativa.

13. Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 7 de novembro de 2025.

14. Documentación presentada pola empresa Mondo Ibérica SAU a través da plataforma de contratación do sector público o 13 de novembro de 2025.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de novembro de 2025, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente o certificado de inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECE), bastanteo do poder do representante da empresa efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificados de estar ao corrente coa Axencia Tributaria Estatal e a Seguridade Social, certificado de alta no IAE, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Mondo Ibérica SAU a contratación da subministración e instalación de pantallas led/marcador e complementos de electrónica deportiva no Pazo Provincial dos Deportes, expediente 2025/CON_02/000069, polo prezo de 220.316,78€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 46266,52 €, o que fai un total de 266.583,30 €, cos seguintes compromisos:

Ampliar o prazo de garantía mínimo de dous anos en 4 anos adicionais.

Á subministración dos seguintes equipos complementarios:

Consolas específicas para baloncesto, (2 uds) (consolas FIBA), de anotación e faltas, con botón físicos individualizados para cada xogador, unha para o equipo local e outra para o visitante, com dorsais personalizables.

Módulos de posesión (2 uds) de baloncesto e tempo de xogo, homologados por FIBA, dunha cara con díxitos LED, sincronizados cos equipos videoLed descritos.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	11/152	

Os módulos de posesión estarán dotados do cable que permitan conexión directa á consola e aos marcos de posesión, ao obxecto de controlar tanto o tempo de xogo, a posesión e os marcos luminosos (vermello e amarelo), de forma independente do resto de sistema, ben sexa para adestramentos, partidos nos que no se precise de toda a electrónico ou no caso de emerxencia ou eventualidade en el sistema principal. Comunicación por radiofrecuencia, si ben tamén poderá realizarse por cable. A conmutación radio/cable, será de maneira automática, coa simple conexión o desconexión do cable. Díxitos de 30 cms para a posesión (que deberán mostrar as décimas restantes durante os últimos 5 segundos), e catro díxitos de 12 cms de altura para el tempo de xogo.

Equipo/ consola de control autónomo (1 ud), sen necesidade de conexión aos equipos de control/ordenador de control, que permita dispoñer dun respaldo inmediato (*backup*) dos equipos e *software* de control de marcador, sen necesidade doutros compoñentes externos, para substituír en caso de avaría dos sistemas convencionais de control, ou para o seu uso en adestramentos ou eventos que no sexan de primeiro nivel, sen necesidade de arrancar os equipos de control e proceso principais.

A duración do contrato é de 30 días hábiles, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:15 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Mondo Ibérica SAU a contratación da subministración e instalación de pantallas led/marcador e complementos de electrónica deportiva no Pazo Provincial dos Deportes, expediente 2025/CON_02/000069, polo prezo de 220.316,78 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 46.266,52 €, o que fai un total de 266.583,30 €, cos seguintes compromisos:

Ampliar o prazo de garantía mínimo de dous anos en 4 anos adicionais.

Á subministración dos seguintes equipos complementarios:

Consolas específicas para baloncesto, (2 uds) (consolas FIBA), de anotación e faltas, con botón físicos individualizados para cada xogador, unha para o equipo local e outra para o visitante, com dorsais personalizables.

Módulos de posesión (2 uds) de baloncesto e tempo de xogo, homologados por FIBA, dunha cara con díxitos LED, sincronizados cos equipos videoLed descritos.

Os módulos de posesión estarán dotados do cable que permitan conexión directa á consola e aos marcos de posesión, ao obxecto de controlar tanto o tempo de xogo, a posesión e os marcos luminosos (vermello e amarelo), de forma independente do resto de sistema, ben sexa para adestramentos, partidos nos que no se precise de toda a electrónico ou no caso de emerxencia ou eventualidade en el sistema principal. Comunicación por radiofrecuencia, si ben tamén poderá realizarse por cable. A

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	12/152	



conmutación radio/cable, será de maneira automática, coa simple conexión o desconexión do cable. Díxitos de 30 cms para a posesión (que deberán mostrar as décimas restantes durante os últimos 5 segundos), e catro díxitos de 12 cms de altura para el tempo de xogo.

Equipo/ consola de control autónomo (1 ud), sen necesidade de conexión aos equipos de control/ordenador de control, que permita dispoñer dun respaldo inmediato (*backup*) dos equipos e *software* de control de marcador, sen necesidade doutros compoñentes externos, para substituír en caso de avaría dos sistemas convencionais de control, ou para o seu uso en adestramentos ou eventos que no sexan de primeiro nivel, sen necesidade de arrancar os equipos de control e proceso principais.

A duración do contrato é de 30 días hábiles, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

APLICACIÓN	RC	IMPORTE 2025
3420.623	22025/2620	266.583,30 €

2º.- A duración do contrato son 30 días hábiles. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	13/152



da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL NAS ZONAS DE OROGRAFÍA COMPLEXAS. ZONA 6 (BECERREÁ, CERVANTES, AS NOGAIS E PEDRAFITA DO CEBREIRO) 2025-2027.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de novembro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Acta da mesa de contratación do día 14 de novembro de 2025.

Presidente: Dna. Sonia Méndez García, Xefa do Servizo de Contratación e Fomento.
Secretaria da Mesa: Dna. Carmen Dorado Duro, Asesora Técnica do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

D. Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección I de Contratación Xeral.
Dna. María Ángeles Rivas Vázquez, Xefa do Servizo de Contabilidade e Contas en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.
D. Héctor Diéguez Aranda, Xefe do Servizo Vías e obras.

Sendo as 09:15 horas do día 14 de novembro do 2025, baixo a Presidencia de Dna. Sonia Méndez García, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidenta da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación dos servizos “Execución de diversas operacións de conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial nas zonas de orografía complexas. Zona 6 (Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro). 2025/CON_02/000096 (Expediente orixinario 2025/CON_02/000077).

Primeiro.- Dar conta da subsanación da documentación relativa ao artigo 150 da LCSP.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	14/152	



1. Informe do Servizo de Vías e obras, relativo a apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade e ao mantemento da documentación da licitación declarada deserta con CSV: IV7TY2K7NA5YIRBLUAPTCMYQGM.
2. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7TUPJJJDYRDRSOI4ZOMAXZV6A.
3. Memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7TUPJLHT7PRP42TR5C6RSU6E.
4. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TVW2L33623LWI646WGD77NY.
5. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TUPJINBOC7GR56R6XK4S7CU.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TQTHNPL6CV66PCPD553EO4, en todo aquilo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado.
7. Informe do Servizo de Contratación, conformado pola Secretaría, con CSV: IV7TYMPKHE6YTT4O2NGFOH3BL4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7TZXXINUG4J3H55T5DH57P4U.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7TYMPOZV4N2VNY5R7T6UPUHY.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 05 de setembro de 2025, polo que se aproba o proposta en relación coa contratación da conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial en zonas de orografía complexa (zonas 5, 6 e 7). 2025-2027, con CSV: IV7T26IPZI42VWFKBQOFBYDSEY.
9. Acta da Mesa de Contratación, reunida en data 16 de setembro de 2025, con CSV: IV7TESJOOHU22WWK3VMXMBIWCU na que se recolle o seguinte:
"Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores convidados a este procedemento foron as mercantís Construcciones Carballeira SL, OVISA Pavimentos e Obras SLU e Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL, resultando que presentaron oferta as seguintes:

Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL
--

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página 15/152	

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación.

Sobre B: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas.

Zona 6: Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

LICITADOR	OFERTADO	PUNTUACIÓNS									
Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL	1.- Se compromete a executar o LOTE 2 (Zona 6) incluído no contrato de referencia por importe de 846.546,99 €, aos que se engadirán 177.774,87 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.024.321,86 euros (MÁXIMO 70 PUNTOS).	1.- 70 PUNTOS									
	2.- Se compromete a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente. Valorarase que estes vehículos contén con algún dos dous distintivos ambientais da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). (MÁXIMO 5 PUNTOS).	2.- 0 PUNTOS									
	<table><tr><th>VEHÍCULO</th><th>ETIQUETA ECO</th><th>ETIQUETA 0 EMISIONS</th></tr><tr><td>FURGONETA 1</td><td> ☐ Si ☒ Non 1 PUNTO </td><td> ☐ Si ☒ Non 2,5 PUNTOS </td></tr><tr><td>FURGONETA 2</td><td> ☐ Si ☒ Non 1 PUNTO </td><td> ☐ Si ☒ Non 2,5 PUNTOS </td></tr></table>	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS	FURGONETA 1	☐ Si ☒ Non 1 PUNTO	☐ Si ☒ Non 2,5 PUNTOS	FURGONETA 2	☐ Si ☒ Non 1 PUNTO	☐ Si ☒ Non 2,5 PUNTOS	
	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS								
	FURGONETA 1	☐ Si ☒ Non 1 PUNTO	☐ Si ☒ Non 2,5 PUNTOS								
FURGONETA 2	☐ Si ☒ Non 1 PUNTO	☐ Si ☒ Non 2,5 PUNTOS									
3.- Se compromete a executar 0 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "O" do cadro resume deste PCAP.. (MÁXIMO 25 PUNTOS).	3.- 0 PUNTOS										
	PUNTUACIÓN TOTAL 70 PUNTOS										

“Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”

	Lote 2
Presupuesto base de licitación (€):(sen IVE)	846.548,99
LÍMITE PARA BAIXA DESPROPORCIONADA	634.911,74

*A oferta de Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL non é considerada desproporcionada ou anormal.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL .Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación segundo o Anexo que se xunta na comunicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:44 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.”

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en data 22 de setembro de 2025, con CSV: IV7TEGYSFUFNISHL2XQCMDXVM4 na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que a mesa de contratación celebrada o 16.09.2025, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador presenta o Anexo sen cumprimentar a

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	137/152	

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 28 de febreiro de 2025 acordou, entre outros asuntos, á aprobación das Bases da convocatoria e os modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2025.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das Bases, dos modelos e da convocatoria se publicou no BOP nº 054 de 7 de marzo de 2025.

Tendo en conta o previsto no punto 6 das Bases da convocatoria “Avaliación de solicitudes”, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2025, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 10, “Acordos de resolución e comunicación/notificacións”, onde se prevé que o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe de desagregación de orzamentos que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións e a súa contía, e na que constan, así mesmo o resto das solicitudes desestimadas que non cumpriron os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e os desestamentos á solicitude.

Tendo en conta que, con data 18 de novembro de 2025 se constituíu e reuniu a Comisión de Avaliación prevista, na que se acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	138/152





Tendo en conta que o orzamento previsto no punto 5 “Orzamento” das Bases da Convocatoria é de 315.000,00 €.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de Avaliación.

Á vista do informe do Servizo de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística.

Á vista do informe do Servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2025, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos nos puntos 6 e 7 das Bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto no punto 10 das Bases da convocatoria, Acordos de resolución e comunicación/notificacións, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NOMEAR A DONA LAURA SANTALLA CASTRO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	139/152



OBRAS PÚBLICAS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A- SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 116, do 23.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Laura Santalla Castro, para ocupar a praza número 973, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada, número 1693, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NOMEAR A LORENZO GARCÍA CORTIÑAS PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A- SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	140/152





“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021. A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a Superior Informática e Programación, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 116, do 23.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don Lorenzo García Cortiñas, para ocupar a praza número 952, denominada Técnico/a Superior Informática e Programación, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A– subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Informática e Programación Entrada, número 1632, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NOMEAR A NOEL CASTIÑEIRA BAAMONDE PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR DEPORTIVO, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A- SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	141/152	

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021. A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a Superior Deportivo, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 116, do 23.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don Noel Castiñeira Baamonde, para ocupar a praza número 984, denominada Técnico/a Superior Deportivo, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Deportivo Entrada, número 1728, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NOMEAR A MARÍA PARADA SENRA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A- SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021. A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Técnico/a Superior Protocolo, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A –

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	142/152





subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Dona Maria Parada Senra, para ocupar a praza número 51, denominada Técnico/a Superior Protocolo, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A- subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Protocolo Entrada, número 1757, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NOMEAR A PATRICIA REY MODIA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DENOMINADA DELINEANTE, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO C- SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021. A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Delineante, da escala de

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	143/152



administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Patricia Rey Modia, para ocupar a praza número 367, denominada Delineante, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Delineante Entrada, número 1623, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA NOMEAR A FRANCISCO JAVIER DORAL GÓMEZ PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA OFICIAL, GRUPO C- SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DICIEMBRE.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, catorce (14) prazas de Maquinista-Condutor/a da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página	144/152	



estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, a vista da proposta do Tribunal Cualificador publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo o día 09.06.2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023 e publicada no BOP núm. 219, de 22 de setembro de 2023, acordou o nomeamento, para cubrir en propiedade as 14 prazas de Maquinista-Conductor/a indicadas anteriormente, entre as prazas incluídas atópase a praza número 265 á que se lle vincula o posto de traballo número 225. Non obstante, a persoa inicialmente seleccionada para ocupar esta praza solicitou e foille concedido o adiamento do seu nomeamento como funcionario de carreira ata que se producira a revisión da súa incapacidade permanente. Finalmente, dita persoa non puido ser nomeada como persoal funcionario ao terse recibida a Resolución da Dirección Provincial de INSS de A Coruña con data do 25 de xuño de 2025 na que se confirma a incapacidade permanente que ten recoñecida na actualidade e na que non se prevé que a situación de incapacidade vaia ser obxecto de revisión por melloría.

A vista do anteriormente sinalado e tendo en conta que a seguinte persoa aspirante proposta, que figura no número 1 da orde de inclusión na dita listaxe de emprego temporal, presenta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo así os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don Francisco Javier Doral Gómez, para ocupar a praza número 265, denominada Maquinista-Conductor/a, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Conductor/a entrada número 225.”

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	145/152



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA O INICIO FORMAL E OFICIAL DAS NEGOCIACIÓNS COA XUNTA DE GALICIA RELATIVAS AO PROCESO XUDICIAL DA TORRE DE CALDALOBA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Visto o acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo de data 26 de setembro de 2025 onde se resolvía que polos letrados da Asesoría Xurídica se solicitase a suspensión do procedemento xudicial ORD 97/2025 do que está a coñecer o Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Lugo en relación coa demanda de retracto interposta pola Xunta de Galicia verbo da adquisición dunha parcela de 19.596 metros cadrados que inclúe a metade da Torre de Caldaloba -53 metros cadrados de planta-.

Visto que na Audiencia Previa que tivo lugar o pasado día 14 de outubro na sede de dito Xulgado de Primeira Instancia, o representante procesual da Deputación de Lugo solicitou a referida suspensión do procedemento a fin de poder negociar un acordo transaccional entre as partes, sendo aceptada dita suspensión polo Letrado da Xunta de Galicia.

Visto que con data 15 de outubro foi ditado Decreto polo Sr. Letrado de Administración de Xustiza de dito Xulgado de Primeira Instancia nº 4 acordando suspender dito proceso xudicial por prazo de sesenta (60) días.

Visto que o referido Decreto foi notificado polo Xulgado á Asesoría Xurídica da Deputación con data 21 de outubro de 2025, é polo que, a Deputada Delegada de Cultura formula á Xunta de Goberno Provincial a seguinte proposta:

1º.- Acordada a suspensión polo Xulgado de Primeira Instancia nº 4 logo da petición de mutuo acordo na Audiencia Previa, cómpre iniciar formal e oficialmente as negociacións coa Xunta de Galicia a fin de poñer fin cando antes á controversia suscitada entre as partes no referido procedemento xudicial, comunicando que a Deputación Provincial de Lugo non se opoñerá á efectividade do dereito de retracto exercitado xudicialmente pola representación procesual da Administración autonómica, con entrega do ben litixioso, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a).- Que a Xunta de Galicia abone á Deputación de Lugo o prezo de adquisición de dito ben, por importe de 106.000 euros, máis os xuros legais que correspondan, así como os gastos necesarios que tivo que afrontar a Deputación, que ascenden a un total de 4.018,65 euros (3.545,30 € correspondentes á factura de Promove Xestión Técnica SLP + 10,91 € da factura expedida polo Rexistro da Propiedade de Vilalba) + 462,44 € correspondentes aos honorarios da Notaría de Montserrat Trigo Mayor, de Lugo).

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página	146/152	



b).- Que a Xunta de Galicia, a través do instrumento xurídico que se considere adecuado, se comprometa a garantir e facer efectiva a protección, conservación, restauración e consolidación da Torre de Caldaloba de cara á súa posta en valor, preservando así o seu valor histórico, simbólico e arqueolóxico.

2º.- Dar traslado da presente proposta ao órgano competente da Xunta de Galicia a fin de poder chegar a un acordo de carácter transaccional que poña fin á controversia xudicial con lealdade institucional entre ambas Administracións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 277/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 277/2025-S seguido a instancia de MAPFRE España, S.A. fronte á “Desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por mis patrocinados en fecha 20 de Diciembre de 2024 contra el Excm. Diputación Provincial de Lugo, a causa de un accidente de tráfico de fecha 23 de Julio de 2024 sufrido por mi patrocinado en la carretera LU-P-6601, Km. 0,02, al impactar los bajos del vehículo que guiaba, matrícula 2458-FKC, contra una rejilla de canalización- alcantarilla, sufriendo importantes daños materiales el turismo”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	147/152	

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 306/2025-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 306/2025-P seguido a instancia de D. José Manuel Flores Gutiérrez e Occident GCO SAU de Seguros y Reaseguros fronte á Deputación “en relación al Expediente sobre Responsabilidad Patrimonial de la administración seguido a instancias de mi mandante frente a la Diputación Provincial de Lugo presentada el 7/1/2025 por siniestro ocurrido el pasado día 23 de julio de 2024 por vehículo de mi representado D. Jose Manuel Flores Gutierrez, con matrícula 9956GKT en la carretera LU-P-5101, debido a la desestimación de la reclamación patrimonial por silencio administrativo”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 307/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 307/2025-S seguido a instancia de D. Carlos Verdes Pedreira e MAPFRE España, S.A. fronte á “la resolución desestimatoria por silencio administrativo de la reclamación de daños y perjuicios contra la Diputación Provincial de Lugo y derivados de un accidente causado por el mal estado de la calzada en fecha 13/05/2024 en la carretera LU-P-6504 De Touzas (N-634) a O Santo (LU-120) por Carballido, a la altura del km. 0+300, resultando con daños materiales el vehículo con matrícula 4084LKJ”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	148/152





2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 340/2025-J.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 340/2025-J seguido a instancia de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. MAPFRE España, S.A. fronte a “la desestimación por silencio administrativo, y contra la Diputación Provincial de Lugo por la reclamación por responsabilidad patrimonial promovida por esta parte el 17-02-2025 en solicitud de 7.562,50 € en nombre de la entidad Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S. A., por los daños causados a consecuencia de la salida de vía por el abundante barro existente en la vía, del vehículo Volkswagen Golf 1 .9 matrícula 6359GNS en la carretera LU-P-2402 de la población de A Agra, Guntín (Lugo) el 12-03-204”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	149/152	

21.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA E DO AUTO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 235/2024.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que no Procedemento Abreviado 235/2024 seguido a instancia de D. Francisco Manuel Lorenzo Gayoso fronte a Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº167/2025, de 30 de xuño, cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo estimar y estimo en parte el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de. D. Francisco Manuel Lorenzo Gayoso frente a la Diputación Provincial de Lugo, con intervención de MAPFRE seguido como proceso abreviado número 235/2024 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declara parcialmente contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la actora en la suma de 12.337,51 euros, más los intereses legales devengados desde el 26 de septiembre de 2023 (fecha de la reclamación administrativa).

La entidad aseguradora MAPFRE responderá solidariamente hasta el límite de la franquicia contratada (cuyo importe es de 300 euros por siniestro).”

Visto o Auto de data 15 de outubro de 2025 ditado polo devandito Xulgado cuxa parte dispositiva é a que segue:

“Que ha lugar a aclarar la Sentencia dictada en los Autos de Procedimiento Abreviado nº 235/2024, en el siguiente sentido: en el segundo párrafo del fallo donde dice: “La entidad aseguradora MAPFRE responderá solidariamente hasta el límite de la franquicia contratada (cuyo importe es de 300 euros por siniestro”; debe decir: *“La entidad aseguradora MAPFRE responderá solidariamente en cuanto al exceso de la franquicia pactada, que deberá ser abonada por la Diputación (cuyo importe es de 300 euros por siniestro).”*

Vista, asemade, a Dilixencia de Ordenación de data 5 de novembro de 2025 na que se acorda a firmeza da dita Sentenza e, tendo en conta, que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida - e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade de 300 euros en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención- á Xunta de Goberno propónse:

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	150/152	



1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº249/2025, de 10 de outubro e do Auto de data 15 de outubro de 2025 ditados polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.

2º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das devanditas resolucións.

3º.- O importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros; ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta do auto nº 86/2025.

Dase conta do auto nº 86/2025, de data 24 de outubro de 2025, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento abreviado nº 151/2025-L, seguido a instancia de dona María Carmen Ferreiro Fernández en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Acuerdo: Declarar terminado el presente procedimiento por reconocimiento total en vía administrativa de las pretensiones de la parte recurrente. Dejar sin efecto el señalamiento de la vista fijado para el día 28/10/2025 a las 9:30 horas. Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro registro correspondiente. Unir certificación literal al recurso y el original al libro registro correspondiente.*” A Xunta de Goberno queda enterada.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA	Página	151/152	

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO

	IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Fecha y Hora	25/11/2025 18:34:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4TTT2DXN5BJZUVVXGU2TCA		Página	152/152	